



PREMIOS MIL  
PRIMAVERAS

## ACTA DO XURADO DOS PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO

**Lugar:** Seminario D01 da Facultade de Filoloxía da USC

**Data:** 25 de xuño de 2019

**Hora de comezo:** 16.30 h

**Hora de remate:** 18.40 h

### Membros do xurado:

- Daniel Romero Rodríguez, técnico de normalización lingüística do Concello de Fene, como presidente do xurado,
- Rosario Pérez Magdalena, técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia,
- Ana Iglesias Álvarez, investigadora e docente na Universidade de Vigo,
- María Yáñez Anllo, xornalista e directora da revista dixital *Vinte*, e
- María dos Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL, como secretaria do xurado.

Como indican as bases dos Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego, promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **valorar, recoñecer e visibilizar accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a posta en valor e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para decidir os proxectos premiados nas seguintes categorías:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

Escollido entre aqueles que se leven desenvolvendo durante, polo menos, cinco anos.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

Escollido entre aqueles nados en 2017 ou despois.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

Escollido por acadar un grande impacto social e por supor un modelo positivo de comunicación.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

Escollido atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

Logo de avaliar os 47 proxectos presentados e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

**Modelo Burela** (IES Perdouro), por ser un proxecto de planificación lingüística que aborda a acollida lingüística como estratexia de integración social e implica a sociedade e o ámbito educativo nun labor conxunto de promoción da diversidade cultural, nomeadamente no marco da lusofonía. Hoxe as actividades máis significativas do Modelo Burela son o **Proxecto Neo**, un programa de radio para dar a coñecer a incorporación á lingua galega de persoas que non a tiveron como primeiro idioma, ou **Grandes Voces do Noso Mundo**, unha emisión para tender pontes a través da música co noso mundo lingüístico. O proxecto tamén inclúe outras accións como intercambios educativos con centros con realidades lingüísticas semellantes, programas educativos de atención á diversidade ou intervencións educativas destinadas á cidadanía.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

**Falemos de ti e min: a cultura galega desde unha perspectiva integradora** (IES de Soutomaior), por ser un proxecto integrado no proxecto educativo do centro, desenvolvido durante todo o ano, dirixido a todo alumnado, transversal e implicando a todos os departamentos. Valórase moi positivamente que a promoción da lingua se asocie con outros valores e causas sociais xustas, como a igualdade de xénero e a defensa da diversidade sexual, funcional e cultural. Tamén se tivo en conta que o proxecto conta cun plan de avaliación con criterios e indicadores ben definidos e que é un modelo de traballo inspirador que pode ser empregado noutros centros educativos.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

**Desafío 48 h** (IES María Casares de Oleiros), porque, a partir dunha comunidade educativa concreta e nun tempo limitado, conseguiu captar a atención e o interese de moita xente. Isto traducíuse nunha ampla presenza nos medios de comunicación e favoreceu que outros centros educativos se interesasen por reproducir o modelo. Tamén se valorou a estratexia de comunicación da campaña dentro do centro educativo e a detalladísima explicación do proxecto.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

**Proxecto Youtubeir@s** (concellos da Baña, A Coruña, Ames, Carballo, Cedeira, Moaña, O Grove, Ourense, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Santiago de Compostela e Teo, Deputación Provincial da Coruña e universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), por abordar un medio prioritario para o futuro do idioma, xa que ten unha grande atracción na xente nova. Así mesmo, este proxecto emprega linguaxes e estratexias comunicativas atractivas para a mocidade e favorece que as persoas que transmiten a través de YouTube o fagan en galego e que as que comunican en galego o fagan en YouTube, alén de prestixiar o emprego desta rede social como ferramenta creativa. Neste proxecto é tamén salientable a colaboración de diferentes servizos de normalización lingüística de entidades locais e universitarias e a evolución e mellora do proxecto nas sucesivas edicións.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

**Eu presumo de galego** (IES de Melide), por ofrecer un modelo de traballo de calidade para a detección de necesidades concretas en contextos galegofalantes, onde a reflexión sociolingüística e a promoción do galego entre a mocidade se insiren nun proxecto educativo transversal. Valórase positivamente a súa flexibilidade e eficiencia, que o

convर्टen en modelo transferible tanto a contextos educativos galegofalantes como a castelanfalantes.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

**GCiencia** (Ciencia Galega Industrias Creativas, S.L.), por crear un espazo de uso normalizado para o galego nun ámbito de especial relevancia e prestixio, a divulgación científica, o que contribúe a desmontar prexuízos sobre a utilidade da lingua e reforza o dereito a termos contidos de todo tipo no noso idioma. Saliéntase que sexa un medio líder no sector da información científica desde a perspectiva galega e que favoreza a difusión do traballo de promoción da lingua no ámbito científico de centros educativos, asociacións e outras entidades. Recoñécese tamén o seu labor na difusión de terminoloxía científica en galego.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente dá por finalizada a reunión e eu como secretaria redacto esta acta.

A secretaria

O presidente

**Anexo:** bases dos Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego